



ORDE do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2018/19.

1- DESTINATARIOS

- Fondo solidario de libros de texto: para 3º, 4º, 5º e 6º.
- Axudas para adquirir libros de texto: para 1º e 2º de primaria.
- Axudas para material escolar: para toda primaria.

2- CONTÍAS

A contía das axudas para adquirir libros de texto será:

Para o alumnado de 1º e 2º de EP:

1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: 170 euros.

2º. Renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: 90 euros.

3- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros

(<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4- PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES

O prazo para presentar solicitudes iniciárase o día seguinte da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e rematará o día 22 de xuño de 2018 (este incluído).

Para máis información poden consultar o seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25042>